



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/9310/2022 19/04/2022

Area / Unidade PERSONAL PE0000 ASR	Documento 10816I04N0	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/639	
6L2Y 653O 5711 0L3W 0PH1	Data 12-04-2022	

Asunto: Autorización cobertura temporal posto de Xefatura de Departamento de Servizos Xerais de Museos Científicos

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 10/03/2022, por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.- Finalizar a comisión de servizos de Don Francisco Rey Rodríguez (NIF **8068***) no posto de traballo da xefatura de departamento de servizos xerais de Museos Científicos, posto con referencia nº 481, no Servizo de Museos Científicos, con efectos do día anterior a día da formalización da correspondente acta de aceptación do posto indicado no punto 2 desta resolución.

Con data 21/03/2022, Don Francisco Rey Rodríguez asinou a acta de aceptación doutro posto de traballo, polo que desde esa data o posto da xefatura de departamento de servizos xerais de Museos Científicos (referencia 481) atópase vacante.

Con data 22/03/2022 solicitouse a cobertura urxente do posto da xefatura de departamento de servizos xerais de Museos Científicos, posto con referencia nº 481, polo procedemento de cobertura temporal.

Segundo.- Con data 24 de marzo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal do seguinte posto de traballo, en base a petición de cobertura urxente do devandito posto:

- Xefatura de Departamento de servizos xerais MC (Servizo de Museos Científicos) , referencia 481

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
M.Cient.	MC1000	Serv.Xerais MC	481	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED	C	AY

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Rexime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, remite, con data 11/03/2022, ao servizo de RR.HH. unha proposta de adscripción provisional de Dona Elvira Quintairos Lorenzo, a través da cobertura temporal, do posto de xefa de Departamento de Servizos Xerais de Museos Científicos (nº referencia 481).

Segunda.- Dona Elvira Quintairos Lorenzo é funcionaria de carreira deste Concello, titular dunha praza de técnico de administración xeral, subgrupo A1 e reingresou ao servizo activo segundo Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (RES/AYT/7775/2022) de data 31/03/2022, na que se acordou o seguinte:

1. Acceder ao reingreso de Dª Elvira Quintairos Lorenzo no servizo activo como funcionaria de carreira desta concello, na praza de técnico de administración xeral, con efectos do día 22/03/2022.
2. Poñer a Dª Elvira Quintairos Lorenzo a disposición da Concellería delegada de Economía, Facenda e Réxime Interior, con efectos do 22/03/2022.
3. Asignar a Dª Elvira Quintairos Lorenzo funcións adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría equivalente a un Técnico Superior, funcionario do subgrupo A1, no ámbito competencial da Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior. Dita asignación terá efectos do día do seu reingreso.
4. En relación coas retribucións, Dª Elvira Quintairos Lorenzo percibirá, mentres non se lle adscriba a un posto de traballo concreto, as retribucións correspondentes a un Subgrupo A1, nivel 28, como complemento específico un factor de responsabilidade 14, con especial dedicación.

Terceira. Na actualidade o posto de Xefatura de Departamento de Servizos Xerais de Museos Científicos (nº ref. 481) atópase vacante.

Cuarta. O persoal funcionario adscrito provisionalmente a un posto de traballo, de conformidade co disposto no art. 72.2 do Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo e demais normativa de aplicación, terá a obrigação de participar nas correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo. O incumprimento das obrigações establecidas neste parágrafo determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Quinta.- Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto da Xefatura de Departamento de Servizos Xerais de Museos Científicos (nº ref. 481) segundo as motivacións que figuran na solicitude da súa cobertura, resulta procedente adscribir provisionalmente Dona Elvira Quintairos Lorenzo ao posto de traballo que se describe na seguinte táboa, tendo en conta as necesidades existentes no Servizo de Museos Científicos e persistindo as causas que determinaron a súa adscripción provisional, de conformidade co establecido no art. 97 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
M.Cient.	MC1000	Serv.Xerais MC	481	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

Sexta.- En cumprimento do acordado na Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (RES/AYT/7775/2022) de data 31/03/2022, e de acordo ao establecido na Sentenza do Tribunal Supremo de data 21/06/1991, en recurso de casación 6702/2019, Dona Elvira Quintairos Lorenzo percibirá, en tanto non obteña un posto de traballo con carácter definitivo, as retribucións correspondentes a un Subgrupo A1, nivel 28, como complemento específico un factor de responsabilidade 14, con especial dedicación.

Sétima.- Os custos que xenere esta adscripción provisional atópanse orzados no grupo de programa 3331, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Oitava.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese



delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Adscribir provisionalmente a Dona Elvira Quintairos Lorenzo (NIF 32450581L), ao posto de traballo que se describe na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Ref.Posto	Posto	G	N	Esc	C.E.
M.Cient.	MC1000	Serv.Xerais MC	481	Xef. Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED

2.- Dita adscripción provisional terá efectos económicos e administrativos desde a data de formalización da correspondente acta de aceptación.

3.- O persoal funcionario adscrito provisionalmente a un posto de traballo, de conformidade co disposto no art. 97.5 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normativa de aplicación, terá a obrigaón de participar nas correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo, e concretamente no correspondente proceso provisión de postos de traballo que se convoque ao efecto para a cobertura do citado posto. O incumprimento das obrigaóns establecidas neste parágrafo determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

4.- En cumprimento do acordado na Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (RES/AYT/7775/2022) de data 31/03/2022 e, de acordo ao establecido na Sentenza do Tribunal Supremo de data 21/06/1991, en recurso de casación 6702/2019, Dona Elvira Quintairos Lorenzo percibirá, en tanto non obteña un posto de traballo con carácter definitivo, as retribucións correspondentes a un Subgrupo A1, nivel 28, como complemento específico un factor de responsabilidade 14, con especial dedicación.

5º.- Notificar a presente resolución á interesada, ao Xefe de Servizo de Museos Científicos e á Directora de Cultura.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas